



Nº EXPEDIENTE: 2025/SUBDIREC/000016

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CENTRO ASOCIADO DA UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA EN PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA APOIAR Á ORGANIZACIÓN E IMPARTICIÓN DA XXXVI EDICIÓN DOS CURSOS DE VERÁN

En Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación do réxime e administración local.

DOUTRA PARTE: D. Víctor Manuel González Sánchez, na súa condición de director do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia en Pontevedra (UNED) co CIF Q3600439H, actuando en nome e representación desa entidade e asegurando a vixencia do seu cargo e dos seus poderes e facultades para este acto.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Por Orde Ministerial do 27/02/1973 e de acordo co Decreto 2310/1972, do 18 de agosto, creouse o Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia en Pontevedra, asinándose ao respecto un convenio entre a UNED, a Deputación Provincial de Pontevedra, a Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para colaborar no funcionamento da entidade educativa.

Posteriormente asinouse un novo convenio entre estas institucións, na data 07/12/1994, coa finalidade de manter o dito centro e darlle unha nova base xurídica, ao recoñecer os importantes servizos que, como institución universitaria, presta no campo da docencia e da investigación, constituíndose o seu Padroado, como entidade responsable plena fronte ao Ministerio de Educación e de titularidade do centro asociado.

II. O Pleno do Concello, na súa sesión ordinaria do 19 de decembro de 2016, aprobou a participación desta Administración Municipal no Consorcio Universitario Asociado á UNED de Pontevedra, ao abeiro da estipulación décimo oitava do Convenio asinado no ano 1994, que sucedeu universalmente ao Padroado como ente titular do Centro. En base ao anterior, o Pleno do Concello ratificou os estatutos do Consorcio, aprobados pola Xunta Reitora do Padroado na súa sesión de 30/11/2016.

III. A disposición adicional 2.2 da Lei orgánica 6/2001 de Universidades, de 21 de decembro, recoñece que, en atención as especiais características da UNED, o Goberno establecerá unha regulación específica desta Universidade, que terá en conta o réxime dos seus centros asociados e dos convenios coas Comunidades Autónomas e outras entidades públicas e privadas.

A UNED en Pontevedra é unha entidade que leva a cabo actividades de formación e desenvolvemento educativo, científico e tecnolóxico. Ten como un dos seus fins o da formación, tanto de profesionais como de especialistas. Dada a súa consolidación, desprega unha importante influencia académica na contorna territorial e achega os estudos universitarios a todo aquel interesado en completar a súa formación.

IV. O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre



outras materias, nas de promoción da cultura e de ocupación do tempo libre. Subliñar tamén que o fomento e o acceso á cultura é unha competencia concorrente e unha obriga de todos os poderes públicos, segundo se desprende dos artigos 44 e 149.2 da Constitución española de 1978.

V. A Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) é unha Universidade Pública de ámbito estatal cuxa finalidade é facilitar o acceso a ensinanza universitaria e a continuidade dos seus estudos a todas as persoas que están capacitadas para seguir estudos superiores, non poidan franquear as aulas universitarias por razóns de traballo, económicas, familiares, de residencia, etc.; utilizando técnicas e experiencias de ensinanza a distancia e desenvolvendo programas de educación permanente, promoción cultural e perfeccionamento profesional polo que a súa labor complementa perfectamente as competencias municipais nestas materias.

A súa función é que todos os cidadáns da nosa contorna teñan acceso flexible ao coñecemento relacionado coa educación superior, mediante a modalidade de aprendizaxe semipresencial e a distancia, e o desenvolvemento profesional e cultural de maior interese social.

A UNED programou, dentro dos seus obxectivos para o ano 2025, a posta en marcha da XXXVI Edición dos Cursos de Verán. Nesta edición os cursos da cidade de Pontevedra se desenvolverán do 16 ao 18 xullo, versarán sobre diferentes materias de grande interese para a sociedade actual, contribuíndo a incrementar a oferta educativa, a presenza e a formación universitaria na nosa cidade. O Concello de Pontevedra apoia estes obxectivos e axuda anualmente a establecer un marco de colaboración coa UNED, con miras a mellorar a formación do alumnado e da poboación en xeral. De maneira que, o Orzamento Xeral do Concello para 2025 prevé unha achega directa para contribuír ao financiamento destes cursos, mediante unha aplicación orzamentaria dotada con 9.400,0 €. Asemade, ámbalas dúas entidades comprométense a posibilitar a continuidade destes cursos como unha achega estable dentro da súa oferta educativa.

En base a canto antecede, as partes que interveñen acordan conveniente celebrar o presente convenio de colaboración que se rexerá con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio establecer as condicións reguladoras da subvención directa a outorgar, polo Concello de Pontevedra, ao Consorcio universitario do centro asociado da UNED en Pontevedra (Q3600439H), para apoiar á organización e impartición da XXXVI Edición dos Cursos de Verán, que fomentan a promoción da cultura e dan alternativas para a ocupación do tempo libre, actuando como eventos culturais e académicos de alto nivel que garanten a presenza e formación universitaria na cidade de Pontevedra.

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E PERÍODO DE REALIZACIÓN

XXXVI Edición dos Cursos de Verán da UNED.

A actividade descrita deberá terse realizado dentro do período comprendido entre o 16 e o 18 de xullo de 2025.

A subvención outórgase de conformidade coas disposicións da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, do Real decreto 887/2006, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos, aprobada polo Pleno da corporación municipal, na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004).

SEGUNDA.- IMPORTE DA SUBVENCIÓN

O Concello de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade de 9.400,00 €, para colaborar nos gastos derivados da organización do evento. O importe subvencionado non poderá exceder do 50% do custe da actividade.

A achega municipal efectuarase con cargo á partida do Orzamento xeral do Concello que se detalle polo servizo de Intervención Xeral Municipal unha vez informe sobre a existencia de crédito na dita aplicación orzamentaria.





A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso, na xustificación da subvención deberá de acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos á actividade subvencionada. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

A UNED comprométese a destinar a subvención ao desenvolvemento da actividade descrita e está obrigada a destacar en lugar preeminente a colaboración económica ou patrocinio do Concello de Pontevedra, tanto nos libros, folletos, carteis, informacións, material e documentación en xeral, así como nos anuncios de difusión das actividades.

A UNED ten a condición de organizadora e promotora exclusiva da actividade subvencionada limitándose a colaboración do Concello a achega da subvención comprometida, polo que esta administración está eximida de calquera responsabilidade que poida derivarse da realización do evento.

A entidade beneficiaria comprométese a solicitar as autorizacións que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento das actividades, así como a por en coñecemento deste Concello as datas e lugares previstos para o desenvolvemento daquelas, cando non resulte preciso a obtención de licenza municipal.

A entidade beneficiaria poderá contratar os gastos que sexan necesarios para a realización por si mesma da actividade subvencionada, pero non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade para a que se outorga a subvención.

Ao abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable contratado pola beneficiaria supere a contía de 12.000,00 €, deberán de solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán de achegarse no seu caso na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico, deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria.

De conformidade co artigo 33 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, as publicacións, a cartelaría, a publicidade e toda produción escrita das actividades da asociación beneficiaria da subvención deberá estar en lingua galega.

CUARTA.- POSIBILIDADE DE ANTICIPO

Non procederá a concesión de anticipo.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto á interpretación dos termos do presente convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento integrada polo alcalde ou concelleiro/a no que delegue, o director da UNED en Pontevedra así como por un funcionario nomeado por cada unha das institucións.

No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos a entidade beneficiaria facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuízamento dos anteriores órganos.

SEXTA.- GASTO SUBVENCIONABLE

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación. O IVE soportado, que deberá de constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Os custes indirectos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade. En concreto, consideraranse custes indirectos os gastos de persoal que non sexa contratado especificamente para levar a cabo os eventos subvencionados; neste caso, deberá de achegarse certificado do beneficiario relativo ao custe imputado á subvención.



SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade e a xustificación da subvención terán que realizarse no ano 2025. O procedemento rematará coa aprobación da conta xustificativa da subvención.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será o 31 de outubro de 2025.

A xustificación realizarase mediante a presentación, no rexistro electrónico do concello, da seguinte documentación:

- Declaración responsable asinada electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

- Memoria económica asinada electronicamente dos gastos incorridos, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntaran as facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar, ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa (nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social) indicando na táboa o nome da empresa, CIF, data, o número de factura eo IVE e deberá indicarse o importe que se imputará á subvención (total/parcial).

A parte do gasto das actividades non subvencionada xustificárase con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que a actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

Segundo o artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, as facturas por importe igual o superior a 1.000 € deberán acompañar o xustificante de pago bancario.

- Declaración do cumprimento das actividades obxecto do convenio e a memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente.

- Conta de ingresos e gastos da anualidade, incluíndo relación desagregada de tódolos ingresos que financiaron a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións, achegas de calquera tipo ou outro tipo de ingresos).

Ao abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade deberá comunicar ao Concello de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A falta de presentación de xustificación unha vez transcorridos os prazos salientados, dará lugar ao requirimento de xustificación por parte do Concello, no prazo improrrogable de 15 días. A falta de presentación da xustificación neste novo prazo, xerará a perda da subvención polo que respecta ao período non xustificado, pero manterá a vixencia ao respecto de períodos posteriores.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, supere o 100 % dos custos subvencionables.

A Universidade, a teor do disposto no art. 189 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, queda obrigada a acreditar antes da súa percepción que se encontra ao corrente das súas obrigas fiscais co Excmo. Concello, así como xustificar a aplicación dos fondos recibidos.

Deberá achegarse pola beneficiaria a xustificación documental do pago e, no caso de que esta non poida presentarse coa conta xustificativa, deberá de acreditarse o pagamento no prazo de 10 días





dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal, ao abeiro do establecido no artigo 18.2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello.

OITAVA.- VIXENCIA.

O presente convenio de colaboración terá unha vixencia limitada ao presente exercicio. Serán causas de extinción deste Convenio a realización do seu obxecto, a inviabilidade da realización da actuación pretendida por causas non imputables ás partes, así como o incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas, mediando neste caso denuncia previa das partes asinantes.

NOVENA.- Protección de Datos de Carácter Persoal.

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

DECIMA.- Carácter administrativo do convenio.

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no non previsto aplicaráselle os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas polo Concello de Pontevedra poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso -administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa. Para tales efectos será competente o Xulgado do Contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data indicado ao comezo.

